



### CONCELLOS

#### BECERREÁ

##### *Anuncio*

#### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 25 de abril de 2018, prestouse aprobación inicial aos padróns correspondentes ao 1º trimestre 2018 das:

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración.
- Canon da auga (Xunta de Galicia).

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dende o 26/04/2018 ata o 25/06/2018. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir as oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 26 de abril de 2018.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1160

## CERVO

### *Anuncio*

#### **COBRANZA**

Por Resolución de Alcaldía de data 27 de abril de 2018, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de marzo de 2018 das cotas de socio do C.D. Riocobo, das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo da Escola infantil Municipal e da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e os padróns correspondentes ao 1º bimestre de 2018 das taxas polos Servizos de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento.

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o do 10 de maio ao 11 de xullo de 2018. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 27 de abril de 2018.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 1173

## LUGO

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 29 de novembro de 2017, adoptou, entre outros, o seguinte acordo que a continuación literalmente se transcribe:

"PRIMEIRO.- Encargarlle á Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), a correspondente encomenda de xestión verbo da elaboración polo procedemento de execución subsidiaria con cargo á propiedade do inmovible número 4 do recanto do Miño desta cidade de Lugo, os herdeiros legais do causante don José Soto Rojas co DNI número 32.533.935-K e co último domicilio coñecido na rúa General Varela, 15, C.P. 28020, Madrid (artigo 102 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), do correspondente proxecto de rehabilitación do citado inmovible, firmado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente co fin de obter a preceptiva licenza municipal que permita posteriormente a súa rehabilitación, e isto verbo de dar cumprimento íntegro á resolución ditada polo Decreto da Alcaldía número 18/2010, do 17 de febreiro, debendo para tal efecto cuantificar os honorarios relativos aos referidos traballos encomendados.

SEGUNDO.- Notifíqueselle esta resolución a don Juan Miguel Soto Peña, a dona Ana María Soto Peña, dona María Francisca Soto Peña e dona María Josefa Soto Peña na súa calidade de posibles interesados na herdanza do causante don José Soto Rojas co DNI número 32.533.935-K e co último domicilio coñecido na rúa General Varela, 15, C.P. 28020, Madrid, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO.- Publicar esta resolución para os efectos de descoñecidos no Boletín Oficial do Estado en conformidade co previsto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para coñecemento e efectos oportunos dos posibles herdeiros legais do causante

don José Soto Rojas co DNI número 32.533.935-K e co último domicilio coñecido na rúa General Varela, 15, C.P. 28020, Madrid.

CUARTO.- Notifíquesele esta resolución á Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), para o seu coñecemento e efectos oportunos.”

Así mesmo, o Consello de Administración de Evislusa, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de marzo de 2018, adoptou o acordo que a continuación literalmente se transcribe:

“**Primeiro.-** Incluír a encomenda relacionada na parte expositiva e coas consideracións realizadas nela, no apartado **de labores anuais e fixas (“bolsa de encomendas”)** da Memoria Económica do Exercicio 2018 - Programa anual de Actuación, Inversións e Financiamento, aprobada na sesión celebrada polo Consello de Administración na data 13 de decembro de 2017, sen que en ningún caso isto implique un incremento do importe da achega municipal, que se manterá no importe de 273.928,69€.

**Segundo.-** Aceptar, nos mesmos termos relacionados na parte expositiva a mencionada encomenda para a ELABORACIÓN POLO PROCEDIMENTO DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN DO INMOBLE NÚMERO 4 DO RECANTO DO MIÑO CON CARGO Á PROPIEDAD DO CITADO INMOBLE.”

O que se fai público en cumprimento do establecido no artigo 11.3.a) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Lugo, 27 de abril de 2018.- A Alcaldesa P.D. O Tenente Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (Decreto número 16005312) Xosé Daniel Piñeiro Villares.

R. 1161

## PARADELA

### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, 1 POSTO DE INFORMADOR/A TURÍSTICO, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

O Concello de Paradelas, aprobou por Resolución da Alcaldía de data 2 de maio de 2018, as seguintes bases para a selección de persoal laboral temporal, para 1 posto de informador/a turístico para a atención e información ao peregrino no Camiño Francés ao seu paso polo Concello de Paradelas.

#### **BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE UN/HA (1) INFORMADOR/A TURÍSTICO PARA A ATENCIÓN E INFORMACIÓN AO PEREGRINO NO CAMIÑO FRANCÉS AO SEU PASO POLO CONCELLO DE PARADELA.**

##### **1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

###### **1.1 Obxecto**

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal de un/ha (1) Informador/a turístico para a atención e información ao peregrino no Camiño Francés ao seu paso polo Concello de Paradelas, en cumprimento do Convenio de colaboración asinado entre a Axencia de Turismo de Galicia e os Concellos Galegos do Camiño Francés para actuacións de mellora e mantemento, de atención e información ao peregrino, e de promoción do Camiño Francés-anualidade 2018; a xornada completa por un período de tres meses e 15 días.

**1.2. Normas de aplicación:** O proceso de selección regularase polo previsto nas presentes bases e no Convenio de colaboración asinado entre a Axencia de Turismo de Galicia e os Concellos Galegos do Camiño Francés para actuacións de mellora e mantemento, de atención e información ao peregrino, e de promoción do Camiño Francés, e no non previsto nelas, polo establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado; Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións aplicables.

1.3. **O sistema de selección** da/os aspirantes será o de concurso - oposición.

1.4. A presente convocatoria e as bases publicaranse no boletín oficial da provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es); o resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web do Concello de Paradela ([www.paradela.es](http://www.paradela.es)).

## 2. TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO.

2.1 O contrato de traballo temporal que se formalizará coa persoa seleccionada será coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado, a tempo completo, previsto no artigo 15.1 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro.

O réxime xurídico da relación laboral será de carácter laboral.

2.2 As retribucións íntegras mensuais da/o traballador/a serán 1.254,17 euros/mes incluída a prorrata da paga extra.

## 3. FUNCÍONS.

As funcións da contratación laboral temporal que se celebre a resultados do proceso de selección do **(1) posto de Informador/a turístico**, serán as establecidas no Convenio de colaboración asinado entre a Axencia de Turismo de Galicia e os Concellos Galegos do Camiño Francés para actuacións de mellora e mantemento, de atención e información ao peregrino, e de promoción do Camiño Francés.

**“Atención e información continuada e específica de todo o Camiño Francés e do fito xacobeo aos/ás peregrinos/as.”**

## 4. REQUISITOS DA/OS ASPIRANTES.

Para participar no proceso selectivo, a/os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes; debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento da formalización do contrato.

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. A/os aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas e especificando tales adaptacións. A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación con levará a perda do posto).

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: Técnico superior en información e comercialización turística ou técnico superior en guía, información e asistencia turística; técnico en empresas e actividades turísticas, ou grado ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado.

f) Acreditación do coñecemento do Camiño de Santiago.

g) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

## 5. SOLICITUDES

5.1. A solicitude para tomar parte no proceso de selección axustarase ao modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e estará dispoñible na páxina web ([www.paradela.es](http://www.paradela.es)) e dirixirase ao Sr. Alcalde do Concello de Paradela, no prazo de dez (10) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es).

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente. A/os familiares dos anteriores, visado, e de selo caso, documentación acreditativa do vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a/o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Titulación: Técnico superior en información e comercialización turística ou técnico superior en guía, información e asistencia turística; técnico en empresas e actividades turísticas, ou grado ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado.

c) Acreditación do coñecemento do Camiño de Santiago.

d) Permiso de conducir tipo B.

e) Declaración responsable, asinado pola/o aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separada/o do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, así mesmo declaración de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada pola/o aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

f) Relación - anexo III segundo a orde que se establece na base oitava dos méritos que a/os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na mencionada base.

5.2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral de entrada do Concello de Paradela (Lugo), en horario de 9:00h a 14:00h de luns a venres, poderanse así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A/os aspirantes que non presenten as solicitudes no rexistro do Concello de Paradela, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir antes da data de expiración do prazo unha comunicación por fax ao Concello de Paradela (982541232) ou correo electrónico [concello.paradela@eidolocal.es](mailto:concello.paradela@eidolocal.es), comunicando a presentación da solicitude co selo de correos ou do rexistro correspondente.

## 6. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de un (1) mes, declarando aprobada a lista provisoria de admitida/os e excluída/os coa especificación do motivo da exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello e na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es), sinalándose un prazo de tres (3) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. No caso de non haber excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal, lugar e hora de realización das probas.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es), de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. Nesta mesma resolución sinalarase o lugar e hora de realización das probas de oposición e a composición do tribunal cualificador.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de

superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, a/os interesada/os decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

## **7. TRIBUNAL CUALIFICADOR OU COMISIÓN DE VALORACIÓN.**

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionaria/os de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un da/os cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto aos membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es)

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Un/ha funcionaria/o de carreira ou persoal laboral pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretaria/o: a/o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

Vogais: Tres funcionaria/os de carreira ou persoal laboral pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Na designación dos membros do tribunal garantirase a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entre ambos os dous sexos, ao ser a súa composición impar.

A/os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, a/os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nas presentes bases, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia da/o presidente/a e da/o secretaria/o ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura da/o secretaria/o e co visto e praxe da/o Presidente/a.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias

## **8. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.**

Consistirá en dúas fases:

### **1) FASE DE OPOSICIÓN: PRIMEIRO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.**

Realización dun exercicio que consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 20 preguntas con respostas alternativas das que só unha é correcta, baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I, durante un período de 30 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo.

Esta proba terá carácter eliminatorio, e puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario acadar unha puntuación de 5 para superala. As respostas correctas valoraranse cada unha con 0,50 puntos. As non contestadas ou contestadas incorrectamente non penalizarán.

A/o aspirante que non supere esta fase non pasará á seguinte.

## 2) FASE DE CONCURSO:

Non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar a proba da fase de oposición, só aos aspirantes que superasen a fase de oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito:

A puntuación máxima total do concurso establécese en seis (6) puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles:

### a.) Experiencia profesional. Máximo tres (3,00) puntos.

- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en calquera Administración Pública ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma, con contratos ou nomeamento feito pola propia Administración: 0,20 puntos por cada mes completo. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate, excepto aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Paradela, os cales unicamente terán que facelo constar e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo-, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto e modelo oficial de vida laboral. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en entidades privadas: 0,10 puntos por cada mes completo. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar modelo oficial de vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes, en caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

### b.) Formación. Máximo un (1,00) puntos:

Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo, impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto, non serán puntuados; non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas.

-Cursos de 10 a 40 horas: 0,25 puntos.

-Cursos de 41 a 75 horas: 0,50 puntos.

-Cursos de 76 a 100 horas: 0,75 puntos.

-Cursos de máis de 100 horas: 1,00 puntos

### c.) Idiomas: A puntuación máxima para este apartado é de un (1,00) punto.

Valorándose os coñecementos nos seguintes idiomas: Inglés, Alemán, Francés, Italiano e Portugués. Acreditándose con certificación de centros de ensino oficiais ou homologados, e tendo en conta o Marco Común Europeo de Referencia para as linguas, no caso de ser a titulación expedida por unha entidade estranxeira deberase achegar tradución oficial en lingua castelá ou galega.

-Nivel B1 ou equivalente: 0,50 puntos por idioma.

-Nivel B2 ou equivalente: 0,75 puntos por idioma.

-Nivel C1 ou equivalente: 1,00 puntos por idioma.

No suposto de acreditar dous ou máis niveles do mesmo idioma, soamente puntuará o máis alto.

**d.) Coñecemento do idioma galego. Máximo un (1,00) punto.** Computándose unicamente o grao superior alegado e concédese validez tan so pos cursos ou titulacións oficiais ou que foran oficialmente obxecto de homologación:

-Celga 1: 0,25 puntos.

-Celga 2: 0,50 puntos.

-Celga 3 ou Grao de iniciación: 0,75 puntos.

-Celga 4 ou Grao de perfeccionamento: 1,00 puntos.

Forma de acreditar os méritos: Deberá presentar o título ou certificación expedido pola administración pública que o impartiu e /ou financiou, acreditativo da súa realización.

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado pola/os aspirantes na documentación aportada coa solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela.

#### **9. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE SELECCIÓN.**

O exercicio realizarase no prazo máximo de vinte (20) días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas, anunciándose con tres (3) días naturais de antelación, como mínimo, o comezo do exercicio, no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es), o día, hora e lugar onde se celebrará a proba.

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es) e no lugar onde se realice o exercicio.

A/os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carné de conducir, etc), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

A/os aspirantes serán convocados en único chamamento, sendo excluídos da oposición a/os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

A/os opositores poderán desenvolver os exercicios de que conste o procedemento selectivo tanto en lingua galega como en lingua castelá, a súa libre elección.

Para establecer a orde en que haberán de actuar os aspirantes naqueles exercicios nos que non poidan facelo conxuntamente, estarase ao resultado do sorteo publicado pola Resolución correspondente, que se realizou ao abeiro do establecido no art. 9 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal de administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

O resultado final do proceso de selección, será a suma das dúas fases oposición e concurso, en caso de empate de puntuacións resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos na fase de oposición. De persistir o empate resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos no primeiro, segundo, terceiro e cuarto apartado, sucesivamente da fase de concurso. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela, na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es) e no lugar onde se realizou o exercicio, a puntuación total do proceso selectivo (puntuación fase oposición, fase concurso e puntuación total), os aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, elevarase dita relación ao Sr. Alcalde-Presidente, que aprobará a relación de candidatos pola súa orde de prelación aos efectos da provisión do posto de traballo obxecto deste proceso de selección, para a formalización do correspondente contrato laboral.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan.

O tribunal establecerá unha lista de reserva entre o resto dos aspirantes por orde de puntuación, para asegurar a cobertura do posto cando se produza renuncia da/o aspirante primeiramente seleccionado ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato.

A devandita lista de reserva servirá tamén para cubrir as baixas que se produzan durante o período de duración da contratación obxecto do procedemento de selección de 1 Informador/a turístico.

#### **10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

A/o candidata/o proposto para seren contratada/o deberá achegar no prazo máximo de 2 días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancia de participación:

a) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

b) Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a/o aspirante reúne a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo. Esta certificación non poderá ter una antigüidade superior aos tres (3) meses anteriores ao día de remate do prazo de presentación de instancias, acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderá ser contratada/o sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese por falsidade na solicitude de



participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidata/o que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación pola/o interesada/o, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e se formalizará o contrato de traballo temporal, coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado por un período de 3 meses e 15 días, a xornada completa, vinculado ao Convenio de colaboración asinado entre a Axencia de Turismo de Galicia e os Concellos Galegos do Camiño Francés para actuacións de mellora e mantemento, de atención e información ao peregrino, e de promoción do Camiño Francés-anualidade 2018.

#### **11. IMPUGNACIÓN.**

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas pola/os interesada/os nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa .

#### **ANEXO I.-TEMARIO**

##### **Tema 1**

Concello de Paradela. Termo municipal. Datos de interese do municipio (Recursos turísticos, monumentos e historia). Distribución xeográfica e parroquial.

**ANEXO II.- MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE UN/HA (1) POSTO DE TRABALLO DE INFORMADOR/A TURISTICO DO CONCELLO DE PARADELA, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO- OPOSICIÓN.**

D/a.....provisto  
/a de D.N.I. nº..... con enderezo  
na  
R/.....nº..... piso.....,C.Postal.....Localidade.....  
Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Paradelas para a contratación laboral temporal (coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado), a xornada completa, de un/ha (1) posto de traballo de Informador/a turístico do Concello de Paradelas en cumprimento do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e os Concellos Galegos do Camiño Francés para actuacións de mellora e mantemento, de atención e información ao peregrino, e de promoción do Camiño Francés, por un período de tres meses e 15 días, no exercicio 2018.

**DECLARO:**

**PRIMEIRO.-** Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

**SEGUNDO.-** Que non estou afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ao posto ao que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

-no caso de ser nacional doutro Estado, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

**TERCEIRO.-** Que autorizo ao Concello do Paradelas para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello, na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es), lugar de realización dos exercicios e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

**CUARTO.-** Solicita/o ser admitida/o a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan e presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- o DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia.
- o Titulación:
- o Acreditación do coñecemento do Camiño de Santiago.
- o Permiso de condución en vigor tipo B.
- o Relación-anexo III dos méritos que alego para a súa valoración, e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na base oitava.

....., ..... de.....de 2018

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA**

En relación co establecido na L.O.P.D de carácter persoal o **CONCELLO DE PARADELA**, procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un ficheiro de datos, do que é responsable o **CONCELLO DE PARADELA**, con domicilio social na **R/ CABALEIROS DE SANTIAGO, 15.- 27611.- PARADELA.- LUGO**. Sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, art. 6 L.O.P.D. o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente.O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito ao **CONCELLO DE PARADELA**, calquera modificación que se produza nos datos aportados.

**ANEXO III.- RELACIÓN DETALLADA DOS MÉRITOS APORTADOS E ACREDITADOS.**

EXPERIENCIA PROFESIONAL				
Servizos realizados como Informador/a turístico para a atención e información ao peregrino.				
Categoría	Administracións Públicas/Entidades privadas	Duración contrato ou nomeamento	Data inicio	Data Remate

FORMACIÓN		
Denominación	Centro impartición	Duración

IDIOMAS	
Denominación	Centro impartición

IDIOMA:GALEGO	
CURSO/TITULACIÓN/HOMOLOGACIÓN	

Data:

A/o solicitante

Asdo:

---

Paradela, a 2 de maio de 2018.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz

R. 1178

---

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o **26 de abril de 2018**, prestouse aprobación inicial o **padrón correspondente ao primeiro trimestre do ano 2018 da:**

Taxa polo subministro de auga.

Taxa pola recollida de lixo.

Taxa canon de auga.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente edito no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida Xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA.

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 1684/1990, do 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario **ata o 30.09.2018**. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ao enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pago en calquera oficina de Caixa Galicia. No caso de non recibilos, o obrigado ao pagamento deberá persoarse nas Oficinas Municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e no seu caso das costas do procedemento de apremio.

No caso do Canon da auga a falta de pago no periodo voluntario suporá a esixencia do mesmo pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Pedrafita do Cebreiro, 27 de abril de 2018.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1162

---

### *Anuncio*

O pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro, en sesión ordinaria celebrada en data 26 de abril de 2018, aprobou inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº1/CE/2018, Modificación orzamentaria nº4/2018, o que de conformidade co establecido no artigo 177, en relación do 169 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, expónse ó público por prazo de quince días, durante os cales, os interesados poderán examinalos e presentar as reclamacións ante o pleno.

Pedrafito do Cebreiro, 27 de abril de 2018.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1163

## QUIROGA

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA**

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 1 de marzo de 2018, adoptou o acordo de aprobación inicial de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Instalacións, Construcións e Obras, da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas e da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por Licenza de Apertura de Establecementos.

Téndose publicado o anuncio de información pública por prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 056, de 09/03/2018, e no taboleiro de edictos do concello, sen que durante o devandito prazo se tivera formulado ningunha alegación, en virtude do establecido nos art. 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese a elevar o devandito acordo provisional a definitivo, publicando o texto íntegro das ordenanzas.

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS**

Este concello, conforme ó autorizado polo art. 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de acordo co previsto no art. 20.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece a taxa polo outorgamento das licencias de apertura de establecementos, que se regulará pola presente ordenanza e polo disposto na devandita lei.

#### **Artigo 1.-Fundamento e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLHL), este Concello establece a "Taxa por licenza de apertura de establecemento", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado TRLHL.

#### **Artigo 2.- Feito impoñible.**

1) De conformidade con canto se establece polo artigo 20.4 i) do TRLHL, constitúe o feito impoñible deste tributo a prestación polo Concello da actividade municipal, técnica e administrativa, de control e comprobación a fin de verificar se a actividade realizada ou que se pretenda realizar se axusta ao cumprimento dos requisitos establecidos na normativa sectorial, urbanística e medioambiental de calquera establecemento industrial, comercial, profesional, de servizos, espectáculos públicos ou actividades recreativas, así coma as súas modificacións, xa sexan da actividade ou do titular da mesma, co fin de procurar que os mesmos teñan as condicións de seguridade, salubridade, medio ambientais e calquera outras esixidas polas normas reguladoras das autorizacións e licenza de instalación e apertura ou funcionamento, ao abeiro das facultades de intervención administrativa.

2) Aos efectos deste tributo, considéranse suxeitos os supostos nos que resulte obrigatoria a solicitude e obtención de licenza de apertura ou actividade, ou a realización da actividade de verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na normativa sectorial cando se trate de actividades non suxeitas a autorización ou control previo, senón a comunicación previa ou declaración responsable, como, entre outros, os seguintes:

a) A primeira instalación dun establecemento ou actividade industrial, comercial, profesional ou de servizos, de espectáculos públicos ou recreativas.

b) A ampliación de superficie de establecementos con licenza de apertura.

c) A ampliación de actividade en establecementos con licenza de apertura.

d) A ampliación de actividade con ampliación de superficie en establecementos con licenza de apertura.

e) A reforma de establecementos con licenza de apertura, sen cambio de uso.

f) A reapertura de establecemento ou local, por reiniciar a mesma o titular que obtivo a licenza no seu día, se a licenza non tivese caducado.

g) Estarán suxeitas á taxa tamén a apertura de pequenos establecementos, as autorizacións temporais de actividade ou apertura para locais ou actividades con ocasión de festas da vila, os que se habiliten para a celebración de festas especiais, os destinados a feiras de mostras, rastros, postas ou análogos.

h) A posta en coñecemento da Administración de calquera modificación dunha actividade que xa realizou a preceptiva declaración responsable, comunicación previa ou precisou licenza de apertura.

i) O cambio de titular nas actividades nas que xa se realizou a preceptiva declaración responsable ou comunicación previa, tendo tal consideración a posta en coñecemento da administración do devandito cambio por persoa distinta para seguir exercéndoas nun establecemento sempre que tanto a propia actividade, o establecemento onde se desenvolve e as súas instalacións non tiveran sufrido modificacións respecto á desenvolvida polo anterior responsable e consonte á súa declaración, salvo as que expresamente se impoñan por precepto legal.

3) Entenderase por establecemento toda edificación, instalación ou recinto cuberto, ou ao aire libre, estea ou non aberto ao público, ou que sexa complemento ou accesorio doutro establecemento, ou actividade principal, destinado habitual ou temporalmente ao exercicio de actividades económicas.

4) Non integran o feito impoñible e, como consecuencia, non están suxeitas a esta taxa aquelas actividades para as que se solicite licenza de apertura ou verificación "a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

5) A tal efecto, terá a consideración de apertura:

a) Instalacións por vez primeira do establecemento para dar comezo ás súas actividades.

b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.

c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.

6) Estarán suxeitos a licencias temporais de apertura de locais non destinados habitualmente a espectáculos públicos ou actividades recreativas que se habiliten con ocasión de festas, feiras, mostras, etc. Nestes casos a licenza outorgarase con carácter temporal e caducará automaticamente ó transcorrer o período para o cal se conceda a mesma.

7) Entenderase por establecemento industrial o mercantil toda edificación habitable, estea ou non aberta ao público, que non se destine exclusivamente a vivendas, e que:

a) Se dedique ó exercicio de algunha actividade empresarial fabril, artesá, da construción, comercial e de servizos que estea suxeita ó Imposto sobre Actividades Económicas.

b) Aínda sen desenvolverse aquelas actividades que serven de auxilio ou de complemento para as mesmas, o teñan relación con elas en forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como, por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.

### **Artigo 3.- Suxeito pasivo.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver o, no seu caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial ou mercantil.

### **Artigo 4.- Responsables.**

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os Administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

### **Artigo 5.- Base impoñible:**

Constitúe a base impoñible desta taxa:

1. O importe da cota anual do IAE que satisfaga ou deba satisfacerse.

2. Para as actividades exentas ou non suxeitas ó IAE, a superficie do local.

### **Artigo 6.- Cota Tributaria:**

1. As tarifas desta licenza aplicaranse por unha soa vez e serán as seguintes (en tódolos casos os informes técnicos serán a cargo da empresa e nunca estarán incluídos na tarifa):

**TARIFA 1:**

1. Licenza de apertura de establecementos suxeitos ao pagamento do IAE, equivalente o importe da cota anual do Imposto sobre Actividades económicas.

**TARIFA 2:**

1. Licenza de apertura de establecementos non suxeitos ao IAE, en función da superficie do local.

a) Ás actividades non suxeitas ó regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, aplicaráselles unha cota tributaria de 3,30 € o m<sup>2</sup>.

Ás actividades suxeitas ó regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, aplicaráselles unha cota tributaria de 3,60 € o m<sup>2</sup>.

b) As licencias concedidas por apertura de establecementos con carácter temporal, por prazo non superior a 6 meses devengarán unicamente o 25% das taxas que procedan de conformidade coa tarifa.

c) As licencias concedidas para a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas, de carácter eventual por prazo non superior a 15 días devengarán unicamente o 5% das taxas que procedan de conformidade coa tarifa.

d) Ó titular dunha licenza que desistise de facer uso dela, dentro do prazo dun mes, contado dende a notificación do seu outorgamento, liquidaráselle o 25% das tarifas aplicables ou, se é o caso, terá dereito á devolución do 75% da taxa aboada.

e) No caso de que a desistencia a formule o solicitante con anterioridade ó outorgamento da licenza, ou se declare a caducidade do expediente por causa imputable a aquel, as cotas que se liquidarán serán do 15% das resultantes en aplicación das tarifas, sempre que a actividade municipal se iniciase efectivamente.

f) As resolucións autorizando o cambio de titularidade da licenza de apertura devengarán unha taxa do 25% da que proceda se fose unha licenza de apertura, nas actividades non suxeitas ó regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

g) Os cambios de titularidade das actividades suxeitas ó regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas devengarán unha taxa igual á porcentaxe que se indica, da que procedería se fose unha licenza de apertura:

- Se a transmisión se realiza dentro dos 5 anos posteriores á licenza de apertura, o 25%.
- Dos 5 ós 10 anos, o 50%.
- Dos 10 anos en diante, o 100%.

h) En tódolos casos, calquera cota calculada segundo as normas anteriores, e corrixida co coeficiente establecido no artigo seguinte, non poderá ser inferior a 100 €.

i) Nos casos de ampliación da superficie do local, sempre que a actividade sexa a mesma que viña desenrolándose e sexa aplicable a mesma tarifa, liquidaranse as taxas pola diferenza entre a cota anterior e a que lle correspondería de acordo ca nova superficie.

j) Nos casos de ampliación de actividade, sen modificación das condicións do local, a cota liquidarase pola diferenza entre a cota anterior e a que lle corresponda de acordo cas novas circunstancias.

k) Nos casos de ampliación de actividade e da superficie do local, liquidaranse as taxas pola diferenza entre a cota anterior e a que corresponda de acordo cas novas circunstancias.

**TARIFA 3:** Cotas especiais: Serán de aplicación as cotas seguintes para os establecementos citados a continuación sempre e cando este importe sexa superior ao das Tarifas 1 e 2.

a) Sucursais de Bancos e Caixas de Aforro	1.008,00 €
b) Discotecas	504,00 €
c) Pubs	336,00 €
d) Establecementos de todo a cen	168,00 €
e) Gasolineiras	1.008,00 €
f) Supermercados	504,00 €

g) Actividades industriais (nas que a xestión do expediente sexa especialmente complexa, IPPC, avaliación do impacto medio ambiental, etc.) non especificadas anteriormente	2.017,00 €
---	------------

#### 2.- Cotas mínimas:

En todo caso, cando sexa aplicable a tarifa 1 aplicarase unha cota mínima de 100 €. Se se trata de establecementos, locais ou actividades suxeitos ó regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas a cota mínima será de 120 €.

#### Artigo 7.- Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da Taxa.

#### Artigo 8.- Devengo.

1. Percibirase a Taxa e nace a obrigaçión de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data da presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, si o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2. Cando a apertura teña lugar sen obter a oportuna licenza, a Taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar si o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autoriza-la apertura do establecemento ou decreta-lo seu peche, si non fora autorizable dita apertura.

3. A obrigaçión de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada, en modo algún, pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta, condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desistencia do solicitante unha vez concedida a licenza.

#### Artigo 9.- Declaración.

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de apertura de establecementos industrial ou mercantil presentaranse previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, con especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local, acompañada do contrato de alugamento ou título de adquisición do local, indicando neste último caso se o local non tivera asignado valor catastral, o prezo de adquisición ou custe de construción do mesmo, no seu caso.

2. Se despois de formulada a solicitude de licenza de apertura variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas por tal establecemento ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións haberán de poñerse en coñecemento da Administración Municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número anterior.

#### Artigo 10.- Liquidación e ingreso.

1. Finalizada a actividade municipal e unha vez ditada a resolución municipal que proceda sobre a licenza de apertura, practicarase a liquidación correspondente pola Taxa, que será notificada o suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais utilizando os medios de pago e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación

2. Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufrutuario ou concesionario do establecemento, e o local non teña sinalado valor catastral, practicarase unha liquidación provisional tomando como base imponible o valor de adquisición ou, no seu caso, o custe de construción do devandito local.

3. Unha vez fixado o valor catastral, practicarase a liquidación definitiva que proceda, da cota deducirse a liquidación en provisional, ingresándose a diferenza nas Arcas Municipais ou devolvéndose de oficio, si así procedera, o interesado o exceso ingresado por consecuencia da liquidación provisional.

#### Artigo 11.- Infraccións e Sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

#### DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 1 de marzo de 2018, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

#### ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Ao abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 79 e seguintes, todos eles do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real



Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLHL), régúlese mediante a presente Ordenanza fiscal o Imposto sobre Actividades Económicas.

**ARTIGO 1. Remisión á regulación prevista no rd lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.**

De acordo ó establecido no artigo 59 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Quiroga establece o imposto sobre actividades económicas, cumprindo así o mandato imperativo contido no dito artigo.

O imposto sobre actividades económicas (IAE) rexerá neste municipio:

1. Polas normas reguladoras deste, contidas no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.

2. Polas tarifas e instrución do imposto, aprobadas polo Real Decreto Lexislativo 1175/1990, do 28 de setembro, e Real decreto lexislativo 1259/1991, do 2 de agosto.

3. Pola presente ordenanza fiscal.

**ARTIGO 2. Natureza e feito imponible.**

O imposto sobre actividades económicas é un tributo directo de carácter real constituíndo o seu feito imponible o mero exercicio en territorio nacional de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, exérganse ou non en local determinado e estean ou non especificadas nas tarifas do imposto.

**ARTIGO 3. Suxeitos pasivos.**

Son suxeitos pasivos do imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

**ARTIGO 4. Responsables.**

4.1. Responden solidariamente das obrigas tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren na súa comisión.

4.2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas entidades.

4.3. No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiránse ós socios ou partícipes no capital, que responderán das mesmas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

4.4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

**ARTIGO 5. Cota tributaria.**

A cota tributaria será a resultante de aplicar ás tarifas do imposto o coeficiente de ponderación regulado no artigo 86 do TRLHL, tendo en conta o seguinte cadro:

IMPORTE NETO DA CIFRA E NEGOCIOS (Euros)	COEFICIENTE
Dende 1.000.000,00 ata 5.000.000,00	1,29
Dende 5.000.000,01 ata 10.000.000,00	1,30
Dende 10.000.000,01 ata 50.000.000,00	1,32
Dende 50.000.000,01 ata 100.000.000,00	1,33
Máis de 100.000.000,00	1,35
Sen cifra neta de negocio	1,31

Aos efectos da aplicación do coeficiente ó que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas polo mesmo e determinarase de conformidade co previsto na letra c) do parágrafo 1 do artigo 82 do TRLHL.

**ARTIGO 6. Bonificacións**

Establécese unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do TRLHL. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postes de traballo
- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo

- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postes de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación terá unha duración máxima de tres anos. O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos dende o inicio da actividade polo suxeito pasivo.

Tal circunstancia deberá ser acreditada por este ante os servizos tributarios do concello dentro dos 15 días seguintes ao remate de cada trimestre. O non cumprimento deste requisito dará lugar o inicio do correspondente expediente de reintegro.

#### **ARTIGO 7. Período impositivo e devengo.**

4.1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta, abarcando neste caso dende a data de comezo da actividade ata o remate do ano natural.

4.2. O imposto devéngase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irredutibles, agás cando, nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural, calculándose neste suposto as cotas de xeito proporcional o número de trimestres naturais que restan para finaliza-lo ano, incluído o de comezo do exercicio da actividade.

Do mesmo xeito, no suposto de baixa por cese no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o devandito cese. A tal fin os suxeitos pasivos poderán solicita-la devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se tivese exercicio a actividade.

4.3. Tratándose de espectáculos, cando as cotas estean establecidas por actuacións illadas, o devengo prodúcese pola realización de cada unha delas, debéndose presenta-las correspondentes declaracións na forma na que se estableza regulamentariamente.

#### **ARTIGO 8. Xestión do imposto.**

O imposto xestiónase a partires da matrícula do mesmo. Dita matrícula formarase anualmente para cada termo municipal e estará constituída por censos comprensivos das actividades económicas, suxeitos pasivos, cotas mínimas e, no seu caso, da recarga provincial.

#### **ARTIGO 9. Cuestións non previstas nesta ordenanza.**

Para o non previsto nesta ordenanza estarase ó disposto no TRLHL, e demais lexislación aplicable en materia de xestión tributaria.

#### **Disposición Adicional Unica.**

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

#### **Disposición final.**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 1 de marzo de 2018, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de dous mil dezanove, permanecendo en vigor ata a súa modificación o derogación expresa.

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

#### **Preámbulo:**

O Imposto sobre Bens Inmobles (IBI) rexerase neste municipio:

- a) Polas normas reguladoras deste contidas no RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.
- b) Pola presente ordenanza fiscal.

#### **Artigo 1º.- Feito imponible.**

1. O feito imponible do Imposto sobre Bens Inmobles está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- a. Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos ós que estean afectos.
- b. Dun dereito real de superficie.
- c. Dun dereito real de usufruto.
- d. Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda dentro dos definidos no apartado anterior polo orden establecido nel, determinará a non suxeición do inmovible ó resto das modalidades previstas nel.

3. Ten a consideración de bens inmobles rústicos, de bens inmobles urbanos e bens inmobles de características especiais, os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

#### **Artigo 2º. Suxeitos pasivos**

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, de 28 de decembro, xeral tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

3. No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmovible de características especiais, será substituído do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon, sen prexuízo de poder repercutir sobre os outros concesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción ós canons que deban satisfacer cada un deles.

#### **Artigo 3º. Responsables**

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria o que colaboren en cometela.

2. Os copartícipes ou cotitulares das Entidades xurídicas o económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións nas obrigacións tributarias destas Entidades.

3. No suposto de sociedades ou entidades resoltas e liquidadas, as súas obrigacións tributarias pendentes transmitíranse ós socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

4. A responsabilidade esixírase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

#### **Artigo 4º. Exencións**

1. Son exencións directas de aplicación de oficio as comprendidas no artigo 62, apartado 1, do TRLHL.

2. Son exencións directas de carácter rogado as comprendidas no artigo 62 apartado 2, letras a), b) e c) do TRLHL.

3. En exercicio da facultade outorgada polo artigo 62.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, decláranse exentos por razóns de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, os recibos correspondentes ós inmobles rústicos e urbanos nos que a súa cota líquida non supere a cantidade de seis euros (6,00 €).

4. Con carácter xeral, a concesión de exencións terá efectos a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non poderá ter carácter retroactivo. Sen embargo, cando o beneficio fiscal solicitase antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data de percibo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu aproveitamento.

#### **Artigo 5º. Base imponible.**

A base imponible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ó disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación o actualización nos casos e da maneira que a Lei prevea.

#### **Artigo 6º. Reducións**

1. A redución na base imponible será aplicable a aqueles bens inmobles urbanos e rústicos que se atopen nalgunha destas dúas situacións:

a. Inmable no que o valor catastral se incrementa, como consecuencia de procedementos de valoración colectiva, de carácter xeneral en virtude da:

- A aplicación do primeiro relatorio total de valores aprobada con posterioridade ó 1 de xaneiro de 1997.
- A aplicación de sucesivos relatorios totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no artigo 68.1 do TRLHL.

b. Cando se aprobe un relatorio de valores que teña dado lugar á aplicación de redución prevista, como consecuencia da aplicación prevista anteriormente e no que o valor catastral se altere, antes de finalizar o prazo de redución, por algunha das seguintes causas :

- Procedementos de valoración colectiva de carácter xeneral.
- Procedementos de valoración colectiva de carácter parcial.
- Procedementos simplificado de valoración colectiva.
- Procedementos de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes e rectificacións de discrepancias e inspección catastral.

2. Esta redución aplicarase de oficio de acordo coas normas contidas nos artigos 68, 69 e 70 do TRLHL.

3. Estas reducións, en ningún caso serán aplicables ós bens inmobles de características especiais.

#### **Artigo 7º. Base liquidable**

1. A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na imposable as reducións que legalmente se establezan.

2. A base liquidable, nos bens inmobles de características especiais, coincidirá coa base imposable, salvo as específicas aplicacións que prevea a lexislación.

3. A base liquidable notificarase conxuntamente coa base imposable nos procedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base que corresponda o inmable así como o importe da redución, no seu caso, e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do novo valor catastral deste imposto.

4. O valor base será a base liquidable conforme ás normas do TRLHL e da Lei 48/2002, de 23 de decembro, do Catastro Inmobiliario.

5. A competencia nos distintos procedementos de valoración será a establecida na Lei 48/2002 e o réxime de recursos contra os actos administrativos o establecido en dita Lei así como no TRLHL.

#### **Artigo 8º. Tipo de gravame e cota tributaria.**

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable os seguintes tipos de gravame:

- a) Para os bens inmobles de natureza urbana o 0'55 %.
- b) Para os bens inmobles de natureza rústica o 0'38 %.
- c) Para todos os grupos de bens inmobles de características especiais o 1,3 %

#### **Artigo 9º. Bonificacións.**

1. No suposto de novas construcións, pódese conceder unha bonificación do 50 % na cota íntegra do Imposto, previa solicitude dos interesados e antes do inicio das obras, ás empresas urbanizadoras, construtoras e promotoras, tanto si se trata de obra nova como rehabilitación equiparable a ela, de conformidade co artigo 73 da Lei 39/1988, de 28 de decembro.

O prazo para beneficiarse da bonificación comprende o tempo de urbanización, o de construción e un ano máis a partir da finalización das obras. O citado prazo non pode ser superior a tres anos a partir do inicio das obras de urbanización e construción.

Para aproveitar a citada bonificación, os interesados deberán de cumprir os seguintes requisitos:

- a. Acreditación da data de inicio das obras de urbanización o construción de que se trate, a que se fará mediante certificación do Técnico-Director competente delas, visado polo Colexio Profesional.
- b. Acreditación de que a empresa dedícase á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade.
- c. Acreditación de que o inmable obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado mediante a presentación de certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a A.E.A.T., a efectos do Imposto sobre Sociedades.

d. A solicitude da bonificación pódese formular desde o momento no que se pode acreditar o inicio das obras.

2. As vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos, contados desde o outorgamento da cualificación definitiva, e previa petición do interesado, debendo xustificar a titularidade mediante escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade.

3. Terán unha bonificación do 95 por 100 da cota íntegra os bens de natureza rústica das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, de acordo co establecido no artigo 134 da Lei 20/1990, de 19 de decembro, de Cooperativas.

4. Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, mentres por normativa se encontre dita familia constituída como tal.

5. Establécese unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto a favor dos bens inmobles situados en solo de núcleo rural, ao abeiro do artigo 74.1 do RD Lexislativo de 5 marzo do 2004.

6. Establécese, asemade, unha bonificación na cota íntegra do imposto equivalente á diferenza positiva entre a cota íntegra do exercicio e a cota líquida do exercicio anterior multiplicada esta última polo coeficiente de incremento máximo anual establecido no apartado seguinte, para tódolos aqueles inmobles que se atopen dentro do casco urbano do Concello de Quiroga, ao abeiro do artigo 74.2 do RD Lexislativo de 5 marzo do 2004.

Esta bonificación terá unha duración máxima de tres períodos impositivos.

7. O coeficiente ao que se refire o apartado anterior é o 1,2 .

